

## TALLER SOBRE O FUNCIONAMENTO DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES

### **FICHA TÉCNICA**

---

Colexio	
Ciclo	3º E.S.O.
Asignatura	Taller de iniciativas emprendedoras
nº de participantes	

### **OBXECTIVOS DO TALLER**

---

Trátase de dar a coñecer ós rapaces e rapazas que son esas organizacións chamadas confrarías, as súas funcións, cómo se xestionan, quen forma parte delas, etc.. así como darlles unha visión do xeito no que se comercializa a través das mesmas.

Usaranse xogos e dinámicas para que o taller resulte ameno e a aprendizaxe se faga de xeito vivencial para axudar a entender máis fondamente os contidos.

### **PLANIFICACIÓN E CONTIDOS**

---

#### **1º- Presentación dos participantes e enfoque sobre o taller. (10 minutos)**

*Xogo de presentación e concentración.*

Os rapaces colócanse sentados en roda.

Un deles debe presentarse dicindo o seu nome e a primeira palabra que se lle veña á mente relacionada coas confrarías.

O seguinte debe facer o mesmo, dicir o seu nome e outra palabra relacionada para el coas confrarías. Despois ten que repetir o nome do anterior compañeiro e a palabra que dixera. O seguinte rapaz continúa do mesmo xeito e repite o nome e palabras dos douas compañeiros anteriores e así ata o final.

O xogo complícase segundo vai avanzando, esixindo un esforzo de atención e memoria, á vez que xera risas e distende o ambiente

A finalidade deste xogo é entrar en calor e romper a distancia ó mesmo tempo que van entrando na materia da charla.

## 2º Breve charla informativa, apoiada con presentación dixital (10 minutos)

### *Exposición de información*

Explicaranse os conceptos básicos sobre o que é unha confraría , cales son as funcións que e cómo funcionan as lonxas e os servizos que ofrecen ós seus socios.

Agárdase incentivar @s rapaces/-as para que fagan as preguntas que lles interesen ó longo da presentación

## 3º Traballo vivencial relacionado cos contidos (30 minutos)

De seguido vaise realizar un xogo que mestura a capacidade de síntese, observación improvisación e interpretación nunha primeira fase.

Logo o xogo pasa a converterse nun xogo de roles no que se traballa en pequenos grupos e finalmente haberá unha posta en común dos resultados e unha análise guiada dos mesmos.

### Información, lectura e síntese:

- a) *Entrégase a cada alumn@ unha tarxeta, na que aparecerá o debuxo dun recurso pesqueiro característico explotado pola Confraría de Bueu (haberá tres recursos diferentes: polbo, percebe e navalla). Na ficha apórtase ademais información chamativa relativa á súa bioloxía, a forma de pesca, quen pode realizar a explotación e cómo é o xeito de comercialización habitual. Déixase un tempo para que cada alumn@ observe e lea a ficha pero sen ensinarlla ós seus compañeir@s*

### Interpretación, observación:

- b) *Pítese que un voluntari@ represente mediante mímica algunha das características que describe a ficha: o recurso, o xeito de pescalo, etc. o resto de alumn@s que teñan ese mesmo recurso, de xeito que se vaian decatando, iranlle axudando na interpretación ata que se forme o grupo completo. Repítese a representación coa axuda inicial doutro voluntario, e se procede do mesmo xeito para formar o segundo grupo. O terceiro xa quedaría formado por eliminación.*

Deste xeito, @s alumn@s quedan agrupados por sectores, uns son percebeir@s, outr@s pescador@s de polbo e 2s outr@s navalleir@s. Poden recoñecer que teñen cousas en común e traballar conxuntamente para darlles solución.

### Xogo de rol:

- c) *Traballando en cada grupo, @s alumn@s teñen que recoñecerse como colectivo con aspectos comúns á hora de realizar a súa profesión, i entre todos deberán consensuar un mínimo de seis necesidades para poder realizar a explotación e comercializar o recurso que lles tocou. Finalmente, cada grupo nomea un representante que exporá ante o resto as necesidades que acordaron.*

Posta en común dos resultados e análise:

- d) *As talleristas irán anotando no encerado as necesidades de cada grupo. Subliñarase as necesidades comúns entre os tres grupos i entre tod@s iremos vendo coma os diferentes sectores pode asociarse e organizarse para conseguir cubrir os seus requerimentos comúns e específicos, dun xeito máis eficiente.*

Valoración e fin do taller